

UN NOVO MODELO DE LEI DO SOLO DE GALICIA

UN NOVO MODELO DE LEI DO SOLO DE GALICIA

ÍNDICE

0	INTRODUCCIÓN.....	3
I	MARCO COMPETENCIAL.....	4
II	SITUACIÓN NORMATIVA ACTUAL.....	5
III	OBXECTIVOS PRINCIPAIS DA NOVA LEI DO SOLO.....	6
IV	ALCANCE DO ANTEPROXECTO DE LEI DO SOLO DE GALICIA.....	10
	1. RÉXIME URBANÍSTICO DE SOLO.....	10
	2. PLANEAMENTO URBANÍSTICO.....	16
	2.1. CLASES DE INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN.....	16
	2.2. CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN	17
	2.3. TRAMITACIÓN DO PLANEAMENTO.....	18
	2.4. PLATAFORMA URBANÍSTICA DE GALICIA.....	19
	3. NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA. LÍMITES DE SOSTIBILIDADE. CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL.....	21
	4. XESTIÓN URBANÍSTICA.....	22
	4.1. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO.....	22
	4.2. INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN NO MERCADO DO SOLO.....	22
	5. EDIFICACIÓN E DISCIPLINA URBANÍSTICA.....	24
	6. ORGANIZACIÓN E CONVENIOS URBANÍSTICOS.....	26
	7. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS E RÉXIME TRANSITORIO.....	27
V	CRONOGRAMA TRAMITACIÓN.....	29

0 INTRODUCCIÓN.

- O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesión do 13 de outubro de 2009 acordou:
 - Instar á Xunta de Galicia a impulsar un gran pacto polo territorio, co conxunto das forzas políticas da Cámara e co conxunto das institucións galegas, para camiñar no deseño dunha xestión integral do territorio, coordinando as políticas sectoriais, urbanísticas e de sustentabilidade, co fin de mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas.
 - Constituír unha Comisión de estudo para a reforma da lexislación do solo, na que se incorporarán as demandas e reflexións do conxunto de institucións e axentes sociais que interveñen no territorio, e terase en conta o acordo institucional establecido entre a Xunta e a FEGAMP.
- Ese acordo derivou no “Pacto polo Territorio” subscrito no Parlamento en febreiro de 2010 e reiterado por unanimidade en setembro de 2011.
- En maio de 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegou ao Parlamento, á FEGAMP, e aos Colexios Profesionais de Arquitectos e de Enxeñeiros de Camiños, o documento de Bases para unha nova Lei Solo de Galicia, que ofrece un punto de partida cara á elaboración da nova Lei do Solo de Galicia, de resultados das conversas iniciais mantidas cos representantes dos grupos políticos do Parlamento.
- **Tras máis dunha década de andadura da Lei 9/2002, a propia evolución da sociedade galega, a nova realidade existente, así como os sucesivos cambios normativos no eido urbanístico e medioambiental, fan aconsellable abordar unha reforma lexislativa global, desenvolvendo de xeito completo e innovador todos os aspectos que inciden na materia, ofrecendo solucións eficaces ás necesidades detectadas no tempo transcorrido e tendo en conta a experiencia acumulada.**
- A nova Lei, elaborada polos propios técnicos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que son os que mellor coñecen as problemáticas e as necesidades dun novo texto lexislativo, será máis clara, mellor estruturada e máis sinxela, evitando hiperregulacións e contidos substantivos impropios, constituíndo un instrumento áxil e útil dirixido esencialmente a que os Concellos podan dotarse de instrumentos de planeamento que lles permitan acadar un desenvolvemento racional da actividade urbanística.
- **A ordenación urbanística sustentable de Galicia acadarase mediante a aprobación de planeamentos municipais de calidade, non por lei.**

I MARCO COMPETENCIAL.

- De conformidade co disposto nos artigos 148.1.3 da Constitución Española e 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, corresponde en exclusiva á Comunidade Autónoma galega a competencia en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.
- A doutrina do Tribunal Constitucional, concretada basicamente nas sentencias 61/1997 e 164/2001, veu interpretar que corresponde ás comunidades autónomas deseñar e desenvolver as súas propias políticas en materia urbanística, establecendo o seu propio e singular marco normativo que regule o modelo territorial e de asentamento no seu territorio.
- Esas competencias deberán exercerse respectando estritamente as asignadas ao estado no artigo 149.1.1ª da Constitución Española, para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os cidadáns no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes, sentando unhas bases comúns nas que a autonomía poda coexistir coa igualdade.

II SITUACIÓN NORMATIVA ACTUAL.

- O Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, non é unha lei urbanística, xa que o estado so pode incidir indirectamente no urbanismo a través:
 - Da regulación das **condicións básicas** que garantan a igualdade no exercicio do dereito de propiedade.
 - O establecemento das **bases e coordinación da actividade económica**.
 - As **bases do réxime xurídico** das administraciónspúblicas: expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.
- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, supuxo o exercicio pleno pola Comunidade Autónoma Galega das competencias en materia de urbanismo constitucionalmente atribuídas.
- Durante súa vixencia, promulgáronse oito leis que modificaron o texto legal inicialmente aprobado:
 - Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002.
 - Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
 - Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
 - Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.
 - Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002.
 - Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
 - Lei 4/2012, do 12 de abril, da área metropolitana de Vigo.
 - Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

III 10 OBXECTIVOS PRINCIPAIS DA NOVA LEI DO SOLO

- **CONSENSO**

- **Non se trata da undécima modificación da LOUG.**
- **Os cambios que se entenderon imprescindibles, foron introducidos na Lei 2/2010**, do 25 de marzo, de Medidas Urgentes de Modificación da LOUG.
- Agora toca acordar co máximo consenso, de ser posible unánime, un texto que sendo compartido polos diferentes grupos parlamentarios, ofrezca á cidadanía unha mostra real de teren chegado a un **punto de inflexión no eido urbanístico**, desbotando dunha vez por todas a liorta partidista.
- **É tempo de camiñar xuntos cara á procura da ordenación sustentable do noso territorio.**

- **APLICACIÓN**

- **Ningún concello sen Plan.**
- Introdúcese a figura do **Plan Básico** para os concellos de menos de 5.000 habitantes sen planeamento xeral.
- A Lei ten que concebirse, non como manual académico, senón como **instrumento que permita aos concellos contar, nun prazo razoable, cun instrumento de ordenación** sustentable ambiental e economicamente.
- O plan establecerá xustificadamente as reservas de dotacións xerais.
- O planeamento establecerá as dotacións locais nos casos dos solos industriais.

- **ACABAR CO FEÍSMO.**

- **Ningunha edificación inacabada.**
- **Esíxese que as construcións presenten todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminadas.**

- Nas edificacións, as **formas e os materiais** deberán provocar o **menor impacto posible**.
- As **cores** empregadas no remate das edificacións, serán as **tradicionais na zona e que favorezan en maior medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe**.
- A través dos **Catálogos da Paisaxe**, estableceranse os **criterios de harmonización e integración das construcións na paisaxe**.
- Se preservarán e ordenarán todos os elementos da paisaxe.
- Incorporáanse medidas para **potenciar a rehabilitación, rexeneración e renovación**.
- Incídese na **obriga de conservación das edificacións**, que conlevará:
 - Destinar a usos compatibles coa ordenación territorial e urbanística e garantir a seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato.
 - Adaptar e actualizar progresivamente as edificacións ás normas legais que sexan esixibles en cada momento.
 - **Obras adicionais por motivos de interese xeral, turísticos ou culturais, e para a calidade e sustentabilidade do medio.**
- Necesidade do Informe de Avaliación dos Edificios en relación a:
 - Estado de conservación do edificio.
 - Accesibilidade universal.
 - Eficiencia enerxética.

- **ESTABILIDADE**

- A nova Lei **non implica un abandono completo do modelo urbanístico** e dos elementos xurídicos implantados nas lexislacións galegas precedentes (Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia e Lei 9/2002, de 30 do decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia) desbotando toda a experiencia e doutrina acumuladas, senón que persegue unha **evolución natural na regulación do solo** acorde coa nova realidade existente.

- **SEGURIDADE XURÍDICA**

- A norma aportará **maior seguridade xurídica** ao cidadán, evitando no posible calquera discrecionalidade.
- **Establécese regradamente a clasificación e categorización do solo rústico** especialmente protexido.
- **Establécense por lei os usos permitidos en solo rústico.**

- **CORRESPONSABILIDADE**

- A Lei defínese como unha **aposta e defensa da autonomía local**, principio básico constitucionalmente recoñecido no noso ordenamento xurídico.
- Dótase aos **concellos de maior competencia** no eido urbanístico, ao corresponderlles maior competencia no ámbito do outorgamento dos títulos habilitantes de natureza urbanística en solo rústico.
- Deste xeito, foméntase para os **Concellos un urbanismo mais responsable.**

- **AXILIDADE E EFICACIA**

- Na tramitación do planeamento, **sistematízanse os informes sectoriais autonómicos preceptivos**, que nas normativas reguladoras establecen diferentes momentos para a solicitude e prazos de emisión. Agora **se unifica**:
 - **O momento da súa solicitude**: despois da aprobación inicial, durante a información pública.
 - **O prazo de emisión**: tres meses.
 - **O efecto do silencio** na falla de emisión: positivo, podendo continuarse a tramitación.
- **Os informes sectoriais serán recabados pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, cando así sexa solicitado polo Concello.

- Simplifícase o procedemento de **Avaliación Ambiental Estratéxica, integrándoo no trámite urbanístico.**
- **Non se someterán a trámite ambiental as Modificacións Puntuais de planeamento que non impliquen reclasificación de solo.**

- **SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA**

- Incorpóranse as medidas introducidas na Lei de Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia, cara á progresiva redución de cargas administrativas para o cidadán, incidindo na **eliminación de trámites innecesarios e da presentación de documentos prescindibles.**
- Déixanse de regular materias sen contido urbanístico como os **convenios**, as subvencións e os dereitos de tanteo e retracto.
- Regúlase expresamente a elaboración de **textos refundidos** dos plans que se aproben definitivamente, de xeito que se **elimine calquera dúbida sobre a vixencia plena das determinacións do planeamento aplicable.**
- Así mesmo, nos supostos de **aprobación parcial** do planeamento urbanístico, **determinaranse expresamente** os ámbitos e determinacións afectados pola denegación ou suspensión, así como **o réxime transitorio que resulte de aplicación aos devanditos ámbitos.**

- **CLARIDADE**

- A redacción textual da norma busca evitar barroquismos que dificultan a súa comprensión e favorecen que xurdan interpretacións diverxentes.
- **Modifícase a estrutura actual** da norma, coa finalidade de que sexa **máis comprensible** e para **facilitar a súa consulta e aplicación**, tentando evitar dispersións e saltos innecesarios ao longo do texto, e procurando un **mellor entendemento e facilidade de acceso** ao seu contido, concretamente:
 - Trasládase ao título preliminar a regulación relativa ás **competencias e organización administrativa no urbanismo**, que ata agora se recollían ao final da lei, no título VII.

- No Título I (Réxime urbanístico do solo) tras unha determinación xenérica sobre a clasificación do solo, **abórdase o réxime das distintas clases e categorías de solo, dun xeito unitario e completo.**
- Reestrutúrase o contido do Título II (Planeamento urbanístico) e **pasan a analizarse as distintas figuras do planeamento urbanístico dun xeito íntegro**, dende a súa formulación ata a súa aprobación definitiva.
- É unha lei de mínimos, o marco básico urbanístico común para os 314 concellos de Galicia coas súas diversas realidades.
- Suprímese da lei todo o contido normativo impropio actual, por:
 - Inscribirse en materias que deben ser obxecto de regulamento.
 - Por constituír reiteracións das lexislacións sectoriais.

- **TRANSPARENCIA**

- Ofrécese maior facilidade de acceso e defensa para o cidadán, mellorando os procedementos de **control público sobre os documentos de planeamento** aprobados inicial e definitivamente, que deben estar a disposición dos cidadáns a través de medios telemáticos.
- **Crearase a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, para garantir a máxima transparencia e eficiencia na tramitación do planeamento.**
- Auméntase de xeito significativo o **acceso pleno, en tempo real, ao contido completo dos plans, nas súas distintas fases de elaboración e tramitación.**
- A redacción e tramitación do planeamento desenvólvese á luz do día.

IV ALCANCE DO ANTEPROXECTO DE LEI DO SOLO DE GALICIA.

1. RÉXIME URBANÍSTICO DE SOLO

A clasificación do solo contida na Lei 9/2002 (solo urbano, núcleo rural, urbanizable e rústico) considérase axeitada ao modelo territorial galego e, en consecuencia, se respecta esa clasificación, pero con algúns matices:

1.1. SOLO URBANO

- O solo urbano mantén, no esencial, os elementos esixidos para a súa clasificación como tal, mantendo as categorías existentes:
 - Consolidado
 - Non consolidado

1.2. SOLO DE NÚCLEO RURAL

- Séguese co recoñecemento dos núcleos rurais tradicionais característicos do sistema de asentamentos de poboación de Galicia, claramente vinculados ao acervo urbanístico desta Comunidade, e que conforman un modelo de ocupación de solo que ten contribuído notoriamente ao desenvolvemento harmónico do noso territorio.
- Os núcleos rurais amosan o seu carácter diseminado vertebrador do territorio, fronte á insustentabilidade da edificación dispersa: trátase dunha ocupación do solo por extensión do conxunto ordenado das edificacións; non da expansión das edificacións illadas.
- Son 33.000 asentamentos distribuídos para aproveitar da forma máis eficaz posible os recursos económicos do solo: é o equilibrio atopado entre a busca da proximidade ás terras de labor, sen perder os beneficios da vida comunitaria coa súas pequenas dotacións, permitindo manter as relacións de veciñanza.
- Suprímese a categoría de **núcleo rural complexo**, que non aporta valor ao recoñecemento da realidade plural que concorre nos núcleos rurais, subsistindo as seguintes categorías:

- Tradicional
- Común
- **Suprímese a prolíxa regulamentación edificatoria** do solo de núcleo rural, que constitúe manifestamente un **contido lexislativo impropio**, e que pasará a ser **obxecto do estudo pormenorizado do modelo de asentamento** que se realice no seo de cada **planeamento municipal**.

Non corresponde establecer por lei os parámetros edificatorios de aplicación para os 33.000 asentamentos de poboación que hai en Galicia. Cada Concello, dentro do seu PXOM, tralo estudo correspondente, será quen de establecer, en función da propia estrutura parcelaria dos asentamentos, as condicións de edificación: parcela mínima, tipoloxía, materiais de acabado...

1.3. SOLO URBANIZABLE

- Considérase necesario **abandonar o carácter residual** que lle asignaba a Lei 9/2002 (todo o solo que non reunía as condicións regradas para ser clasificado como solo urbano, solo de núcleo rural ou solo rústico, acadaba por defecto a condición de urbanizable). En consonancia cos principios da lexislación básica estatal, o solo urbanizable pasa a corresponder:
 - Terreos que o planeamento considere necesarios e adecuados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica.
 - Terreos necesarios para completar a súa estrutura urbanística.
- Rexéitase a categorización entre solo urbanizable delimitado ou inmediato e solo urbanizable non delimitado ou diferido, sendo que o modelo territorial e de ordenación ten que atender ás circunstancias dun momento temporal concreto. **Suprímese o solo urbanizable non delimitado.**

1.4. SOLO RÚSTICO

- **Faise un recoñecemento decidido do solo rústico como o solo produtivo que é, potenciando os usos económicos, sen contradición coa preservación dos valores naturais e culturais subsistentes.**

- **Como Comunidade Autónoma eminentemente rural, cómpre asumir que o noso desenvolvemento vai estar vinculado indisolublemente á explotación e xestión sustentable dos recursos naturais.**

- **Redúcese a carga administrativa dos expedientes**, derivando ao título de habilitante municipal de natureza urbanística, licenza municipal directa, a meirande parte dos usos no solo rústico:
 - **Todas as construcións vinculadas ás actividades agrícolas, gandeiras, forestais, extractivas e recreativas.**
 - **Construcións que deban localizarse necesariamente no medio rural: cemiterios, pirotecnias, depuradoras, vertedoiros.**

- Esixirase **autorización autonómica** en solo rústico aos usos nos que se considera que a súa implantación debe ser obxecto dunha maior tutela por parte da Comunidade Autónoma:
 - **Construcións destinadas a usos residenciais vinculados a explotación agrícola ou gandeira.**
 - **Construcións para a primeira transformación de produtos do sector primario.**

- Esixirase un **Plan Especial de infraestruturas e dotacións** só para os usos que poidan ter un impacto máis severo:
 - **Construcións destinadas a usos turísticos.**
 - **Equipamentos e dotacións, públicos ou privados.**

- Doutra banda, deixarán de regulamentarse os usos urbanísticos en función da categoría de solo rústico de protección.
 - **Dende o punto de vista urbanístico, os usos no solo rústico común serán os mesmos que os do solo rústico de especial protección.**
 - Mais no solo **rústico de especial protección**, será preciso atender ás **maiores limitacións que impoñan as lexislacións sectoriais** aplicables, que son as encargadas de tutelar os valores obxecto de protección, e que **deberán**

outorgar, con carácter previo ao título habilitante municipal de natureza urbanística, ou á autorización autonómica, as correspondentes **autorizacións sectoriais**.

- Deste xeito, racionalízanse as limitacións que se lle impoñen ao cidadán, sendo que **as posibilidades de uso no solo rústico serán xenéricas** e as únicas limitacións nas diferentes categorías de solo rústico de especial protección serán as derivadas das propias lexislacións sectoriais que resulten de aplicación.
- **Simplifícanse os parámetros edificatorios**, recollendo os que corresponden a unha lei; e derivando aos regulamentos de desenvolvemento os contidos actuais impropios.

Abondará con fixar unhas limitacións básicas de referencia que poidan axustarse ás diferentes realidades dos 314 concellos.

- Dentro do solo rústico, diferéncianse as seguintes **categorías**:
 - **Solo rústico común.**
 - Integrado polos terreos que contén con **valores** agrícolas, gandeiros ou forestais.
Agora inclúense no solo rústico común os solos que antes eran, ou podían ser, categorizados como solos **rústicos de protección agropecuaria ou forestal**, por considerar que os valores nesas clases de solo son os **propios e consubstanciais ao solo rústico**, polo que non teñen que ser obxecto dunha protección específica.
 - Terreos que **deban preservarse da transformación urbanística**.
 - Terreos que non sexan susceptibles de transformación polos **riscos neles concorrentes**.
 - **Solo rústico de especial protección.**
 - O determinado polas **lexislacións de dominio público (costas, augas, infraestruturas)**.
 - O fixado polas correspondentes **lexislacións sectoriais (espazos naturais, patrimonio e paisaxe)**.

- **Clarifícase a categorización do solo rústico especialmente protexido, evitando a discrecionalidade** que supoñía a potestade do planeamento para a súa zonificación, cara a aportar maior seguridade xurídica ao propietario de solo.
- **Definirase en coherencia e de conformidade coas proteccións e afeccións establecidas polas correlativas lexislacións sectoriais, en función de valores obxectivos regulados nas mesmas.** O planeamento axustará a súa zonificación ao respecto, tendo en conta as seguintes categorías:
 - Solo rústico de **protección de infraestruturas**
 - Ámbitos das infraestruturas e as súas zonas de afección.
 - Solo rústico de **protección de augas**
 - Ámbitos definidos nas lexislacións reguladoras de augas.
 - Solo rústico de **protección de costas**
 - Zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.
 - Solo rústico de **protección de espazos naturais**
 - Ámbitos protexidos pola Lei 9/2001, de Conservación da Natureza.
 - Solo rústico de **protección da paisaxe**
 - Ámbitos incluídos nos Catálogos da Paisaxe elaborados en desenvolvemento da Lei 7/2008, da Paisaxe de Galicia.
 - Solo rústico de **protección do patrimonio cultural.**
 - Os ámbitos protexidos pola Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- **O resto do solo rústico categorizarase como rústico común, que é a categoría residual do solo que non resulte obxecto doutra clasificación regradada.**
- Excepcionalmente, os concellos que durante a elaboración do seu planeamento e como consecuencia do estudo detallado, observen ámbitos que pese a non contar con protección sectorial, conteñen **valores merecedores de especial protección**, poderán

outorgarlles tal categorización, máis **previa xustificación axeitada** e unha vez obteñan a **conformidade expresa da administración coa competencia sectorial**.

- **Apóstase decididamente no pulo da rehabilitación de construcións tradicionais, en calquera categoría de solo rústico, e para calquera uso que non sexa incompatible co medio rural.**

Admitiranse usos residenciais, dotacionais, turísticos e artesanais, mesmo con ampliacións, sempre que non desvirtúen a tipoloxía e se adapte ao entorno preexistente.

A **prohibición de novas edificacións residenciais en solo rústico**, introducida pola Lei 9/2002, no xogo combinado coa posibilidade, establecida no seu artigo 40, de rehabilitar construcións tradicionais, acada unha exitosa dobre finalidade:

- Dunha banda, **evita seguir aumentando o problema da dispersión edificatoria, que ten como consecuencia o feísmo**, e máis alá a dotación ineficiente de servizos no territorio.
- Permite recuperar e **poñer en valor a grande riqueza de patrimonio construído no rural, que doutro xeito, se perdería para sempre**, e con el unha parte importante da nosa historia, da nosa memoria, o soporte da nosa identidade, da nosa esencia como país.

2. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

2.1. CLASES DE INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN

- Cánto á regulación do planeamento urbanístico, o obxectivo fundamental da presente lei, cara á **simplificación administrativa**, se reflicte tanto en relación ás **figuras de planeamento** como á **tramitación** de cada unha delas.
- A lei configura o **plan xeral** de ordenación municipal como o **único instrumento de planeamento xeral** do que deben dotarse os municipios.
- Porén, a lei recoñece a **subsistencia doutros tipos** de planeamento xeral (normas subsidiarias de planeamento municipal, plans xerais de ordenación urbana e proxectos de ordenación do medio rural) nos municipios que contén con este instrumento, **así como** das **normas subsidiarias e complementarias de planeamento provinciais**.
- Novidade substancial é a **previsión dun planeamento básico para aqueles municipios cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, que non contén con ningún instrumento de planeamento xeral, e que eleven ante a Xunta de Galicia solicitude ao respecto**.
 - Trátase dunha **ordenación básica, cuxa tramitación e aprobación corresponde á Xunta de Galicia**, e que estará vixente ata que xurdan iniciativas ou razóns determinantes dunha maior complexidade urbanística que aconsellen a formulación dun plan xeral de ordenación municipal elaborado polo respectivo municipio.
 - Dótase a estes concellos dun **instrumento básico** que lles permita ofrecer unha **capacidade de acollida residencial e económica** que dea resposta ao **desenvolvemento elemental dunha certa actividade urbanística**.
 - O Plan Básico establecerá unha ordenación subsidiaria que:
 - Recoñecerá os ámbitos que reúnan as condicións obxectivas para a súa clasificación como solo urbano e solo de núcleo rural.
 - Recollerá as afeccións sectoriais concorrentes, clasificándoas como solo rústico da especial protección correlativa.
 - O resto do ámbito do termo municipal, se clasificará como solo rústico común.

- Nos ámbitos definidos para cada clase e categoría de solo no Plan Básico, resultarán de aplicación as ordenanzas tipo que correspondan, definidas nas Normas Técnicas de Planeamento ou nas Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais.
- Non necesitará sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica.
- Simplifícanse as figuras do **planeamento de desenvolvemento**, diferenciando:
 - **Plans parciais**
 - **Plans especiais**
 - **Estudios de detalle.**
- **Elimínanse os plans de sectorización e os plans especiais de ordenación de núcleos rurais:** desbotado o solo urbanizable non delimitado, non procede contemplar plans de sectorización. Os plans especiais, de obxecto diverso, poderán ordenar tamén os ámbitos de solo de núcleo rural.

2.2. CONTIDO DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN

- **Alixéirase notoriamente o contido documental dos plans xerais:**
 - **Suprímese toda a regulamentación do solo rústico das determinacións que establecen o contido propio do plan xeral**, posto que sendo unha competencia autonómica, xa está contida nesta propia lei.
 - **Suprímese a obriga de reprodución das normas sectoriais** vixentes (accesibilidade e eliminación de barreiras, habitabilidade, protección contra incendios, ruídos...) e se substitúe pola remisión por **reenvío á normativa sectorial que resulte de obrigado cumprimento**, na redacción dada polo texto consolidado vixente en cada momento.
 - Á máis do aforro documental, **evítanse as disfuncións de inadaptación producidas no planeamento de resultas da modificación das normas sectoriais.**
 - Redactaranse unhas **Normas Técnicas de Planeamento** que conteñan as definicións dos parámetros edificatorios e urbanísticos, usos, actividades e establezan unhas **Ordenanzas tipo** axustadas ás diferentes clases e

categorías de solo, que faciliten a homoxeneidade do planeamento e a súa comprensión polos técnicos, os profesionais e a cidadanía en xeral.

2.3. TRAMITACIÓN DO PLANEAMENTO

- **Cambios tendentes a diminuír a duración da tramitación do planeamento.**
- **Non se mingua a transparencia nin a pertinente participación pública.**
- Actúase sobre un dos focos principais da dilación e ruptura do ritmo na tramitación do planeamento:
 - Perséguese a **sistematización da obtención dos informes sectoriais autonómicos preceptivos**, xa que a diferente normativa reguladora establece diferentes momentos para a solicitude e prazos de emisión. Agora se unifica:
 - **Momento da súa solicitude**
 - **Despois da aprobación inicial**, durante o período de información ao público.
 - **Prazo para a súa emisión**
 - **Tres meses.**
 - **Efecto do silencio** das respectivas Administracións
 - **Positivo.** Pasado o prazo sen que se teña emitido, o Concello poderá continuar coa tramitación.
 - A eses efectos, **coordinaranse todas as regulacións correspondentes das diversas lexislacións sectoriais autonómicas** (augas, estradas, costas, patrimonio, conservación da natureza, portos, montes, agricultura, facenda, turismo, industria) **modificando ou derogando expresamente todos cantos preceptos contidos nesas normas sectoriais contradigan esta regulamentación.**
 - **A solicitude dos informes sectoriais poderá efectuarse dende a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, cando así o demande o Concello.

- Mantense inalterado o marco actual da **competencia autonómica na aprobación do planeamento municipal**:
 - **Control de legalidade**
 - **Defensa dos intereses supramunicipais**
- **Simplifícase a incardinación da Avaliación Ambiental Estratéxica no proceso de tramitación do planeamento urbanístico.** Establécese que as modificacións puntuais que non reclasifiquen solo **non terán** que someterse a avaliación ambiental.
- Regúlanse os **prazos para o cumprimento dos deberes de planeamento de desenvolvemento, xestión e edificación**, de grande importancia para evitar expectativas especulativas e posibles reclamacións de responsabilidade patrimonial por alteración do planeamento.
- Elimínanse as referencias aos **plans urbanísticos que afecten a varios municipios**, por entender que deben ser obxecto de planificación territorial.

2.4. PLATAFORMA URBANÍSTICA DE GALICIA

- Crearase a **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia**, para garantir a máxima **transparencia e eficiencia na tramitación** do planeamento.
- **A Xunta de Galicia desenvolverá unha aplicación para facilitar a participación nos procedementos de planificación urbanística que posibilitará o acceso aos documentos de planeamento**:
 - **Aos particulares, nomeadamente nos períodos de participación pública, posibilitando a consulta e a formulación, no seu caso, de alegacións.**
 - **Ás entidades que deban emitir informe sectorial conforme á normativa correspondente.**
- Este acceso realizarase a través dunha plataforma web, aumentando de xeito decisivo o **acceso universal pleno, en tempo real, do contido completo do planeamento nas súas distintas fases de elaboración e tramitación**, facilitando que a información que comparten diferentes administracións e que se atopa repartida de forma incompleta en diversas bases de datos se unifique e se amose de forma clara e accesible ao cidadán.

- **A plataforma permitirá:**
 - Almacenamento do planeamento en **soporte dixital**.
 - **Interconexión das bases de datos** a través de Web Services e a súa apertura a usuarios externos.
 - **A dilixencia dixital do planeamento, que dará unha maior seguridade xurídica** na súa visualización a través da Web.
 - A mellora e actualización do **Sistema de Información Urbanística de Galicia**, con descarga gratuíta das coberturas vectoriais xeradas a partir da información urbanística remitida en soporte papel.
 - Ofrecer ao cidadán unha **información urbanística completa do planeamento municipal**.
 - **Os secretarios e interventores poderán incorporar ou modificar información directamente dos acordos de competencia municipal** contidos na base de Urbanismo do Executivo autónomo.
 - **Colaboración entre Centros Directivos das distintas Administracións Públicas** para que a información sexa única, actual e accesible.
 - **O obxectivo é a interoperabilidade, facilitando a comunicación con todos os actores involucrados no proceso do planeamento e posibilitando a reutilización doutras aplicacións e servizos xa existentes, que redundan na eficiencia da información e da Administración.**

3. NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA. LÍMITES DE SOSTIBILIDADE. CALIDADE DE VIDA E COHESIÓN SOCIAL.

- Mantense a regulación das **normas de aplicación directa**, entendidas como un mecanismo para tratar de preservar o medio ambiente e o patrimonio natural e cultural, pero, mais en concreto, como principios que teñen que rexer a ordenación dun territorio en ausencia de planeamento.
- Considéranse axeitados os límites de sostibilidade vixentes para o solo urbano non consolidado e o solo urbanizable de uso residencial ou hoteleiro.
- Pola contra, enténdese que **os ámbitos de uso terciario deben disociarse dos de uso característico residencial, sendo merecentes de contar cun tratamento que favoreza o impulso da actividade económica.**
 - **O uso terciario asimílese ao uso industrial, en vez de ao residencial.**
 - **Suprímese o límite de ocupación de 2/3, substituíndose por unha edificabilidade máxima de 1 m2/m2.**
 - As reservas de solo para **espazos libres e equipamentos** en ámbitos **terciarios e industriais** serán **determinadas xustificadamente** polo **planeamento parcial** de desenvolvemento, en función das características da actuación.
 - **Incrementéntanse as prazas de aparcamento público, que serán dúas (actualmente unha) por cada 100 metros cadrados edificables.**
- Os sistemas xerais serán cuantificados xustificadamente no estudo pormenorizado de dada PXOM, en función das características intrínsecas do Concello correlativo.
- **Concrétase e simplifícase a porcentaxe de reserva de vivenda protexida** que deben conter os plans xerais, suprimindo a actual desagregación por tipos e referenciando o cumprimento de dita reserva **derivada do rexistro de demandantes**, ao sector (no solo urbanizable) ou ao distrito (no solo urbano).

4. XESTIÓN URBANÍSTICA.

4.1. EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO.

- En materia de **xestión urbanística**, téntase clarexar o papel do propietario como axente principal do desenvolvemento urbanístico.
- Mantense no fundamental a regulación existente, se ben, **eliminando e remitindo ao regulamento de xestión urbanística** as determinacións que pola súa propia natureza deben ser obxecto de desenvolvemento regulamentario: entidades urbanísticas de conservación, cargas de urbanización, taxación conxunta....
- **Posibilítase que no momento de aprobación do instrumento de equidistribución poda modificarse o aproveitamento tipo da área de reparto**, en atención á adaptación do valor dos coeficientes de ponderación dos usos e tipoloxías aos de mercado reais nese intre.
- En coherencia coa equiparación dos réximes urbanísticos do solo urbano e o solo de núcleo rural, amplíase ao **solo de núcleo rural** a posibilidade de **operacións de reorganización da propiedade e de promover actuacións illadas** para facer posible a execución de elementos concretos previstos polo planeamento.
- **Restrutúrase e clarifícase a ordenación dos sistemas xerais e locais de dotacións públicas**, xa que na anterior regulación parecía deducirse unha distinción entre os sistemas xerais e as dotacións públicas, que agora **se abordan dentro do concepto xeral de dotacións públicas os sistemas xerais e os sistemas locais**.

4.2. INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN NO MERCADO DO SOLO.

- En consonancia coa lexislación básica estatal, Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, revísase a regulación do **patrimonio público do solo**.
- Os bens do patrimonio público do solo, que constitúen un **patrimonio diferenciado** dos restantes bens da administración titular, e os ingresos obtidos mediante o alleamento dos terreos ou a substitución polo equivalente económico

da cesión relativa ao aproveitamento correspondente á administración, **deberán ser destinados** a algún dos seguintes fins:

- Construción de **vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.**
 - **Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística,** en especial ao **pagamento en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais** de dotacións públicas, ou a **gastos de realoxo e retorno,** e pago de **indemnizacións ou xustiprezos** por actuacións urbanísticas.
 - **Creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.**
 - **Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.**
 - **Conservación, xestión e ampliación** do patrimonio público do solo.
-
- Suprímese do contido da lei a regulación do **dereito de superficie e dos dereitos de tanteo e retracto urbanísticos,** que xa son obxecto de regulación na lexislación básica estatal e na lexislación civil.

5. INTERVENCIÓN NA EDIFICACIÓN E USO DO SOLO E DISCIPLINA URBANÍSTICA.

- Dentro do obxectivo de **simplificación administrativa**, incorpóranse as medidas a introducir pola futura Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, cara á progresiva redución de cargas administrativas para o cidadán, incidindo na **eliminación de trámites innecesarios da presentación de documentos prescindibles**, consecuencia da necesidade de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- A directiva non soamente esixe **revisar os procedementos autorizatorios** para, caso de ser desproporcionados substituílos por técnicas de intervención menos gravosas das liberdades económicas; senón que tamén propón unha **reconsideración dos procedementos administrativos para mellorar o seu rendemento, evitando os excesivos custos que teñen que sufrir os cidadáns**.
- Así, a norma indicada, que se atopa actualmente en tramitación, establece un réxime xurídico único de exercicio de actividades en Galicia, eliminando de xeito pleno e efectivo a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade.
- En consonancia co anterior e, para que a liberalización de actividades sexa efectiva, é preciso modificar a regulación das licenzas de obra, de xeito que se establece un **réxime xeral** que é o **de comunicación previa** xunto con unha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe.
- Introdúcese o concepto de **título habilitante de natureza urbanística**, que engloba tanto ás licenzas urbanísticas como ás comunicacións previas.
- Estas medidas adóptanse ademais doutras xa mencionadas, como a **substitución na meirande parte dos casos do réxime de autorización urbanística autonómica de usos no solo rústico**, que serán obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente.

- No tocante á **disciplina urbanística**, **poténciase un dos seus obxectivos fundamentais**, a adopción das medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal, **modificándose a determinación da contía das sancións**, polo que o responsable da infracción terá dereito a unha **redución do 90%** da multa que deba impoñerse no caso de que **repoña por si mesmo a realidade física alterada** antes da resolución do procedemento sancionador.
- Ademais, no caso de **pago voluntario de multas e sancións** impostas en materia de disciplina urbanística, **reducirase a súa contía nun 50 %** (agora era un 30 %) se son aboadas no prazo de quince días a partir da notificación da multa.
- No demais, mantense o modelo de regulación da vixente norma, agás no tocante á **remisión ao regulamento de disciplina urbanística** aquelas cuestións que polo seu propio contido teñen un mellor encaixe no mesmo.
- Considérase a necesidade de incluír entre o **grao de protección** outorgado ás zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos, tamén os **viarios e a súa zona de protección**, non resultando de aplicación a estes supostos a limitación do prazo de caducidade de seis anos para a adopción das medidas de reposición da legalidade urbanística.

6. ORGANIZACIÓN E CONVENIOS URBANÍSTICOS.

- Remítese a regulación da natureza, composición, réxime xurídico e funcións da **Axencia da Protección da Legalidade urbanística** aos seus propios Estatutos.
- A composición, funcionamento e réxime interior do **Xurado de Expropiación** de Galicia tamén se remite ao seu propio Regulamento.
- Elimínase do contido da lei a ordenación dos **convenios urbanísticos**, por entender que pola súa natureza xurídica a súa regulación pertence ao ámbito do dereito administrativo, sen que teña que ter necesariamente unha compoñente urbanística.

7. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS E RÉXIME TRANSITORIO.

- Completan o texto unha serie de disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, nas que se resolven aspectos como o réxime dos municipios carentes de planeamento e se establece o réxime transitorio que regulará o tránsito á nova situación derivada da nova lei, agás naquelas cuestións que requiran unha aplicación inmediata.
- Regúlase, de conformidade coa Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, a **suspensión temporal** da aplicación da **reserva mínima de solo para vivenda protexida**.

Así, durante o prazo máximo de catro anos dende a entrada en vigor da referida lei, déixase en suspenso a aplicación da reserva para vivenda prevista no artigo 10.1.b) do Texto Refundido da Lei do Solo, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 do xuño, **sempre que se cumpran os seguintes requisitos:**

- Que os plans xerais de ordenación municipal **xustifiquen a existencia dunha porcentaxe de vivenda protexida xa construída e sen vender no concello superior ao 15%** das vivendas protexidas previstas ou resultantes do planeamento vixente e unha **evidente desproporción entre a reserva legalmente esixible e a demanda real** con posibilidade de acceder ás devanditas vivendas.
- Que os devanditos instrumentos **non foran aprobados definitivamente** antes da entrada en vigor da Lei 8/2013, do 26 de xuño; ou que, no caso de foren aprobados, non contén aínda coa aprobación definitiva do proxecto ou proxectos de equidistribución necesarios.
- Para dar cumprimento aos cambios introducidos en materia de tramitación do planeamento, cos que se persegue a sistematización da obtención dos **informes sectoriais preceptivos e vinculantes**, unifícase o momento da súa **solicitud trala aprobación inicial**, durante o período de información pública, determinándose un **prazo de emisión de tres meses**.
- A eses efectos, deben coordinaranse todas as regulacións correspondentes das **diversas lexislacións sectoriais autonómicas** (augas, estradas, costas, patrimonio, conservación da natureza, portos, montes, agricultura, facenda, turismo, industria) **polo que sederrogan expresamentetodos cantos preceptos contidos nesas normas sectoriais contradigan esta regulamentación**.

Neste punto, co desenvolvemento da Plataforma Urbanística dixital de Galicia, posibilitarase o acceso aos documentos de planeamento aos departamentos e **entidades que deban emitir informe sectorial** conforme á normativa correspondente.

- Ata que entren en vigor as disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei, aplicaranse as que se conteñen nos **Regulamentos de planeamento urbanístico, xestión urbanística e disciplina urbanística**, en todo o que non se opoñan a esta lei ou resulten afectadas por ela.

As **normas subsidiarias e complementarias de planeamento** resultarán de aplicación cando sexa preciso, en todo o que non se opoñan nin resulten afectadas por esta lei.

- Unha das disposicións finais habilita ao Goberno para elaborar un **texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre ordenación do territorio e paisaxe**, en orde a **eliminar a dispersión normativa existente e contribuír, así, a reforzar a seguridade xurídica**.

Setembro 2013

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 10 DE OUTUBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do "VIII Centenario da Peregrinación da San Francisco de Asís a Santiago de Compostela (1214-2014)".

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do concello de Amoeiro.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada autonómica OU-531 a prol do Concello de Cortegada.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a fusión por absorción entre as sociedades mercantís públicas autonómicas Televisión de Galicia, S.A.U. (sociedade absorbente) e Radio Televisión de Galicia, S.A.U. (sociedade absorbida).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano de Louro para a prestación da cooperación financeira necesaria para a posta en funcionamento do Consorcio e do sistema de saneamento, abastecemento e depuración no seu ámbito, por un importe total dun millóns trescentos dez mil oitocentos trinta e catro euros con dezaseis céntimos (1.310.834,16 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Competitividade, a Comunidade Autónoma de Galicia e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos – Centro Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (ANFACO-CECOPESCA), na selección e execución dos proxectos de infraestruturas científicas Construción do Centro de Tecnoloxías Avanzadas de Investigación para a Industria Mariña e Alimentaria e Equipamento do Centro de Tecnoloxías Avanzadas de Investigación para a Industria Mariña e Alimentaria cofinanciado polo Feder, por importe de oito millóns catrocentos cincuenta e cinco mil oitenta e sete euros con vinte e oito euros (8.455.087,28 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, para o financiamento de centros de investigación, por un importe total de tres millóns seiscentos mil euros (3.600.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial, por importe de douscentos un mil trescentos noventa euros (201.390€).

INFORMES**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre un novo modelo de Lei do solo para Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A UTILIZACIÓN DA IMAXE CORPORATIVA DO VIII CENTENARIO DA PEREGRINACIÓN DE SAN FRANCISCO DE ASÍS A SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *A imaxe corporativa da conmemoración, deseñada por Antón Lamazares, acompañará as actuacións que se desenvolverán durante a celebración do evento que conta coa declaración de Acontecemento de Excepcional Interese Público*
- *O decreto regula a súa utilización polo sector público autonómico de Galicia así como por outras entidades como a Administración xeral ou as entidades locais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela (1214-2014).

O obxecto do decreto é regulamentar a utilización da imaxe corporativa do VIII Centenario polo sector público autonómico de Galicia e por outras persoas e entidades do sector público e privado. Os actos conmemorativos do VIII Centenario teñen a consideración de Acontecemento de Excepcional Interese Público. A duración do programa de apoio a este acontecemento comprende o período que vai desde xullo de 2013 a xuño de 2015 e os beneficios fiscais do programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

En virtude do decreto polo que se regula a utilización da imaxe corporativa do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico, nas súas relacións de colaboración con outras administracións, deberá exixir, sempre que o seu obxecto o permita, que se faga constar a imaxe corporativa do VIII Centenario.

Turismo de Galicia será a entidade competente para outorgar as licenzas e autorizacións para a utilización por parte de entidades, institucións ou persoas non integrantes da Administración xeral ou do sector público autonómico de Galicia, con suxeición á normativa reguladora da propiedade intelectual e industrial.

O decreto establece, de igual modo, o fomento do uso da imaxe corporativa do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela polas entidades locais galegas.

VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago

Os actos conmemorativos do VIII Centenario impulsarán a dinamización turística e cultural de Galicia e estimularán a participación do sector privado en proxectos relacionados coa conmemoración. Santiago de Compostela e Asís forman parte do Patrimonio da UNESCO.

O Primeiro Congreso Internacional sobre Peregrinacións e Turismo ou o gran Cumio Internacional de Asociacións Xacobeas son algunhas das citas relevantes deste período en Santiago de Compostela. A programación do VIII Centenario de San Francisco de Asís comezou o día 22 de agosto coa inauguración da exposición Peregrino e Novo Apóstolo. San Francisco no Camiño de Santiago, no palacio Bonacquisti de Asís. Este gran proxecto expositivo pódese visitar ata o día 20 deste mes na cidade italiana. Con el pode percorrerse a imaxe do mundo na época de San Francisco e pode estudarse a presenza das ordes mendicantes no Camiño de Santiago e o legado do santo nas cidades da ruta a Compostela.

O logotipo do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago, creado polo artista Antón Lamazares a partir dunha peza de cartón, representa a austeridade franciscana e está escrito co alfabeto creado polo artista, denominado Alfabeto Delfín, e inclúe a lenda 'Asís 800 Compostela' coa que se crea a marca para a celebración do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela (1214-2014).


A XUNTA APROBA A RELACIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE AMOEIRO

- ***En total o municipio da provincia de Ourense xestionará e conservará un total de 70 vías que suman preto de 60 quilómetros de lonxitude***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a relación e clasificación de estradas de titularidade municipal do concello de Amoeiro.

A Administración local solicitou da Xunta de Galicia a aprobación de estradas de titularidade municipal do concello coa petición de que fosen consideradas como redes secundarias. En total este concello xestionará e conservará un total de 70 vías que suman preto de 60 quilómetros de lonxitude.

A Lei de estradas de Galicia atribúe ao Consello da Xunta de Galicia a competencia para aprobar a relación de clasificación de estradas de titularidade das entidades locais en defecto do correspondente plan.



A continuación móstranse as 70 estradas que conforman a nova clasificación de estradas de titularidade municipal do concello da provincia de Ourense:

Denominación	Lonxitude estrada (m)	Raio mínimo (m)	Largo medio (m)
Amoeiro-Lím. Vilamarín	2.084	22,69	5,80
Cornoces-A Igrexa	325	78,48	4,25
Codesa-(OU-02059)	1.555	14,48	4,25
Porteleira-Lím. Vilamarín	1.106	20,39	5,00
(OU-524)-Lím. Vilamarín	1.716	15,79	5,50
(OU-524)-(OU-02005)	1.174	19,07	4,00
(OU-524)-A Torre	490	41,62	4,75
(OU-526)-A Torre (OU-524)	1.722	23,24	4,00
(OU-02008)-Reguengo	231	249,08	4,00
(OU-525)-O Tiollo	401	67,76	4,50
(OU-525)-Chacin	142	100,39	4,25
(OU-525) Outeiro-(OU-02014)	393	26,31	5,50
(OU-525) Outeiro-Lím. Ourense	1.338	56,77	5,50
(OU-525) O Burgo-Lím. Vilamarín	1.039	28,19	5,00
(OU-02014)-San Paio	751	26,89	4,75
(OU-525)-San Paio	818	29,31	4,75
(OU-525) Bacurín-Lím. Ourense	1.234	19,65	5,75
(OU-525)-(OU-02019)	526	47,69	3,75
Priorato-Lím. Vilamarín	1.207	12,78	4,25
(OU-02017)-Lím. Ourense	727	21,61	4,00
(OU-525)-Lím. Ourense	1.568	19,96	5,75
(OU-525) Linares-(OU-526)	184	30,10	3,25
(OU-524) Abruciños- (OU-525)	2.602	24,13	6,00
(OU-526)- Alfonsín-(OU-02023)	1.058	30,83	5,00
(OU-526)- Alfonsín	226	24,90	3,50
(OU-525) Arcos-(OU-02028)	1.712	21,17	5,00
(OU-02031) Arcos-(OU-525)	587	31,13	4,00
(OU-525) Cerval-Lím. Ourense	2.414	36,38	5,50
(OU-02023) Outeiro-(OU-525)	889	23,99	4,50
(OU-02024) Pazos-Cosmede	652	13,71	3,75
(OU-02028) Cerval-(OU-02026)	1.057	17,99	3,75
(OU-02028)-(OU-02026)	280	76,83	6,50
(OU-525) Fontefría-(OU-02028)	1.504	23,48	5,50
(OU-525)-Outeiro	706	23,60	4,00



Outeiro-(OU-02023)	369	33,59	4,00
A Torre-Abruciños (OU-525)	977	25,88	5,00
Outeiro- (OU-02038)	965	48,52	5,00
(OU-524) Povoanza-(OU- 522)	1.787	18,63	5,50
(OU- 523)-(OU-02038)	279	36,89	4,25
(OU-525) Parada-(OU- 522)	769	18,69	3,75
(OU-02042)-(OU-522)	322	42,41	4,50
(OU-521)	324	23,16	4,75
(OU-521)-Monteasnal	310	40,22	5,50
Outeiro (OU-524)-(OU-02045)	1.367	18,68	4,00
(OU-524)-Costa do Monte	1.173	15,92	4,50
Portocelos (OU-522)-(OU-524)	674	11,19	4,50
(OU-524)-(OU-02046)	307	32,62	4,25
A Pica-(OU-524)	154	54,46	4,00
Portocelos (OU-522)-(OU-02038)	819	16,08	4,75
Fontao (OU-524)-(OU-522)	622	28,71	3,50
Vilanova-(OU-524)	370	48,22	3,50
Burguete-(OU-524)	297	19,25	4,00
(OU-522)-Formigueiro	1.056	28,26	5,25
(OU-02053)-Formigueiro	471	17,31	4,00
(OU-522) Berguera-Pexes	1.323	28,63	4,25
(OU-02055)-Fondo de Vila	1.031	17,33	4,00
(OU-02055)-Berguera	497	24,12	4,75
(OU-02056)-Fondo de Vila	394	15,56	3,50
Garabatos-Cornoces	840	21,46	5,50
(OU-02044)-(OU-523)	1.830	9,88	4,25
Santa Baia (OU-523)-Garabatos	2.168	14,88	5,50
(OU-524)-(OU-02007)	437	71,36	4,00
Nº 54-Lim. Ourense	302	98,34	4,50
(OU-523)-Lim. Concello de Amoeiro	606	32,86	4,50
(OU-524) Fontes-(OU-02044)	310	33,61	4,00
(OU-524)-(OU-02060)	353	104,34	4,00
(OU-02001)-Poutas	449	21,71	4,00
(OU-02003) Amoeiro-(OU-02001)	278	103,74	6,75
(OU-02031) Figueiras-(OU-02028)	419	26,16	4,25
(OU-02015)-(OU-02016) Arruxo	280	59,19	3,25
Lonxitude total das estradas municipais....	59.347		
Número de estradas municipais.....	70		

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA OU-531 A PROL DO CONCELLO DE CORTEGADA

- ***A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O Concello de Cortegada, a partir da formalización da entrega, asume todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto antigo da estrada autonómica Xinzo de Limia-Cortegada (OU-531) a prol do Concello de Cortegada.


O Concello de Cortegada solicita dá Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o cambio de titularidade dun resto da estrada OU-531 entre o pq45 + 380 MD e o pq45 + 470 MD, así como do terreo asociado ao dito resto no lugar de Refoxos.

A Axencia Galega de Infraestruturas remitiu informe favorable do cambio de titularidade do tramo debido a que xa non forma parte do eixe central da estrada de referencia.

Polo exposto, consonte o previsto na Lei de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, o Consello da Xunta decidiu hoxe autorizar o dito traspaso.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante o asinamento da correspondente acta de entrega.

Correspóndenlle ao Concello de Cortegada, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.



AUTORIZADA A FUSIÓN ENTRE AS SOCIEDADES MERCANTÍS *TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.* E *RADIOTELEVISIÓN DE GALICIA S.A.*

- *O ente fusionado denominarase Corporación de Radio Televisión de Galicia S.A.*
- *A nova corporación integrará nun só os actuais tres entes que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a fusión entre as sociedades mercantís públicas *Televisión de Galicia S.A.* e *Radiotelevisión de Galicia S.A.*, dentro do proceso polo que se integrarán nunha única corporación os actuais tres entes que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia.

A Xunta de Galicia designou o pasado 29 de agosto a *Televisión de Galicia S.A.* como futura *Corporación de Radio e Televisión de Galicia S.A. (Corporación RTVG)*, a entidade pública que unificará os actuais tres entes que prestan este servizo público.

Agora, o Consello da Xunta autoriza a fusión por absorción entre *Televisión de Galicia S.A.* (entidade absorbente) e *Radiotelevisión de Galicia S.A.* (entidade absorbida), de xeito que o ente resultante pasará a denominarse *Corporación RTVG*.

Esta fusión suporá na práctica, conforme vaia avanzando o proceso, a disolución do ente público *Compañía Radio-Televisión de Galicia (CRTVG)*, que ata o de agora integraba as dúas sociedades públicas *Televisión de Galicia S.A.* e *Radiotelevisión de Galicia S.A.* Deste xeito, unificarase nun único ente a prestación deste servizo público, en lugar dos tres que existen na actualidade.

Con esta operación, o Goberno galego dá cumprimento ao compromiso de mellora da eficiencia administrativa na prestación do servizo público de audiovisual. Ademais, realízase logo de estudar as conclusións da Comisión Técnica de Seguimento para a constitución da *Corporación RTVG*, organismo encargado de levar a cabo todas as actuacións necesarias para esta integración.

Esta comisión, que xa analizara en varias reunións a situación actual dos tres entes, tamén lle encargou á CRTVG que solicitase o asesoramento técnico necesario para que a operación de transición á *Corporación RTVG* se realice dentro das posibilidades que ofrece o ordenamento xurídico, do xeito máis eficiente para os intereses públicos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO RÍO LOURO, INCLUÍNDO A EDAR DE GUILLAREI E OS COLECTORES XERAIS

- *Trátase dunha experiencia pioneira en Galicia de xestión do ciclo da auga, baseada en casos de éxito de xestión supramunicipal*
- *Poranse en práctica ordenanzas fiscais e regulamentos dos servizos que poidan ser modelo para outras experiencias posteriores*
- *Grazas a este acordo, o novo consorcio xestionará o ciclo completo da auga dos case 59.000 habitantes e das 21.505 vivendas dos concellos de Tui, Salceda de Caselas, O Porriño e Mos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Río Louro, integrado polos concellos pontevedreses de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui. Grazas a este acordo, o novo Consorcio xestionará o ciclo completo da auga dos case 59.000 habitantes e das 21.505 vivendas dos 4 concellos. A prestación deste servizo integral implica a garantía ambiental para o río Louro non só coa xestión do saneamento senón cun sistema de inspección máis rigoroso das verteduras das industrias. Ademais, inclúese o servizo da depuración da EDAR de Guillarei e garántese a sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

O novo ente encargárase de todo o saneamento e abastecemento, inspección, explotación de todas as instalacións de potabilización, depuración e bombeo do ámbito territorial.

A prestación deste servizo integral implica:

- Garantía ambiental para o río Louro non só coa xestión do saneamento senón cun sistema de inspección máis rigoroso das verteduras das industrias.
- Servizo non só da depuración da EDAR de Guillarei senón da pequena depuración, do abastecemento e do saneamento, bombeos, etc.
- Sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.
- Supón un primeiro avance na supramunicipalización da xestión da auga.

As actividades que se subvencionarán grazas a este convenio céntranse na posta en funcionamento do Consorcio e nas accións necesarias para o funcionamento do sistema de saneamento do Louro, que engloba a depuradora de Guillarei e os colectores xerais e interceptores do sistema.

Experiencia pioneira

O Consorcio do Louro é unha experiencia pioneira en Galicia de xestión do ciclo da auga, baseada en casos de éxito de xestión supramunicipal. Así, poranse en práctica ordenanzas fiscais e regulamentos dos servizos que poidan ser modelo para outras experiencias posteriores.

O Consorcio comezou a funcionar co inicio da prestación efectiva dos servizos, o día 1 de xaneiro de 2013.

O custo total das actuacións recollidas no convenio ascende a máis de 1,3 millóns de euros, aboados ao 100 por cento por Augas de Galicia. Corresponden 66.783,95 euros aos gastos de posta en funcionamento do Consorcio durante a anualidade 2013 e da depuración de augas residuais realizada nos anos 2014 a 2018.

O Consorcio será o que xestione directamente os ingresos polos servizos da auga en vez de recibir transferencias dos concellos, o que evitará problemas no futuro por débedas ou repartición de custos. En consecuencia, aprobarase unha ordenanza fiscal única para os catro concellos e implantarase unha estrutura tarifaria que poida ser modelo para o ciclo urbano da auga, de modo que non haberá mínimos de consumo e o usuario poderá ser máis responsable no seu uso da auga. Existirá unha parte fixa da tarifa e unha parte variable por tramos de consumo. Os tramos serán os mesmos que os do canon da auga, considerando o número de habitantes por vivenda.

A contía das tarifas permitirá aproximarse á sustentabilidade financeira, pero asegurando que sexa posible o acceso á auga a todos os usuarios. O obxectivo é que o resultado de explotación se equilibre sen subir as taxas máis alá da actualización de prezos, a medida que vaia habendo máis usuarios do saneamento e depuración, e que se actualice o padrón de usuarios. No entanto, nos primeiros anos calcúlase que haberá un déficit de explotación que será asumido pola Xunta de Galicia a través deste convenio de colaboración.

As partes consideraron necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento dos servizos de depuración de augas residuais, cofinanciando, por unha banda, os gastos de posta en funcionamento do Consorcio e, pola outra, o déficit de explotación durante os 5 primeiros anos desde que o Consorcio inicie a xestión dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración.

Antecedentes

O saneamento do río Louro, cunha forte presión urbana e industrial, foi unha tarefa que comezou en 1994 cando os concellos de Tui, Salceda de Caselas, O Porriño, Mos, a

Xunta de Galicia e a Administración do Estado asinaron un acordo para levar a cabo o saneamento da bacía do río Louro, que establecía a creación unha entidade mancomunada ou consorciada para xestionar as infraestruturas de saneamento e depuración que se constrúan con base neste acordo. Desde aquel momento, foi necesario investir case 94 millóns de euros para a construción do Sistema de saneamento do Louro, incluíndo a estación depuradora de augas residuais de Guillarei.

No ano 2010, o Goberno da Xunta de Galicia puxo en marcha a EDAR de Guillarei, co compromiso dos catro concellos aos que dá servizo esta infraestrutura de crear un consorcio que se encargue da xestión do sistema de saneamento do Louro, o cal inclúe a citada infraestrutura.

A XUNTA PROMOVE O NOVO CENTRO TECNOLÓXICO DE ANFACO QUE SUMA 8,5 MILLÓNS PARA IMPULSAR UNHA INNOVACIÓN ACTIVA NA INDUSTRIA MARIÑA E ALIMENTARIA

- *O complexo contará con equipamentos de última tecnoloxía que facilitan a investigación co obxectivo de aumentar o número de proxectos desenvolvidos e incrementar nun 50% o persoal investigador*
- *Impúlsase a transferencia de resultados da investigación ás empresas, favorecendo a creación de emprego, a competitividade do tecido produtivo e a implantación de novas empresas*
- *As novas liñas de investigación mellorarán a produción alimentaria, establecendo unha relación cada vez máis sofisticada coa saúde e a aplicación de tecnoloxías emerxentes aos procesos de fabricación*
- *Esta actuación reforza o compromiso da Xunta cos centros tecnolóxicos, posto de manifesto nos convenios para a construción do centro de vehículos intelixentes do CTAG e para a realización do centro de aplicación láser de AIMEN*

A Xunta de Galicia, co obxectivo de impulsar unha innovación práctica cuxos resultados redunden en beneficio do tecido empresarial galego, está a promover o novo centro de tecnoloxías avanzadas de investigacións para a industria mariña e alimentaria de ANFACO-CECOPECA. Esta actuación, cofinanciada pola Xunta de Galicia, conta cun investimento de case 8,5 millóns dos que o 80% corresponden a fondos Feder, e aspira a fortalecer a posición de ANFACO como centro tecnolóxico de referencia a nivel nacional, consolidando e incrementando o seu persoal investigador e impulsando a transferencia de resultados desta investigación ao tecido empresarial.

Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Ministerio de Economía e Competitividade para a construción do novo centro na actual nave piloto de ANFACO situada no campus universitario de Vigo. Con sete plantas e máis de 5.500 metros cadrados de superficie útil, a infraestrutura estará rematada antes de finais de 2015 e incorporará as últimas tecnoloxías para reforzar o liderado galego nesta industria a través dunha innovación activa.

Así, o centro aumentará o número de proxectos de investigación desenvolvidos e permitirá incrementar nun 50% o persoal contratado ata superar o centenar de investigadores. Mellórase así a produción científica ao tempo que se intensifica a transferencia de coñecementos e tecnoloxía ás empresas. Deste xeito, as instalacións favorecerán a creación de emprego, a competitividade do tecido produtivo local e a implantación de novas empresas da industria mariña e alimentaria.

Para acadar estes obxectivos, o centro contará con equipamentos de última tecnoloxía. Así, instalarase un sistema de control de temperatura e outro para a análise de compostos de biotoxinas mariñas, pesticidas ou nutrientes, con alta aplicación práctica nas industrias farmacéutica e alimentaria. Así mesmo, incorpórase tamén un novo sistema que permite extraer durante as análises determinadas substancias preservando a calidade das mostras obtidas.

Con estes equipamentos, potenciaranse as posibilidades das distintas liñas de investigación promovidas, que atenderán tanto as demandas do tecido empresarial como ás tendencias investigadoras na industria mariña e alimentaria. Así, impulsaranse liñas prioritarias de investigación como a calidade e a seguridade alimentaria, as relacións entre alimentación e saúde, a innovación no deseño e obtención de novos alimentos, a acuicultura ou o desenvolvemento sustentable do sector.

Este labor mellorará a produción alimentaria, establecendo unha relación cada vez máis sofisticada coa saúde e a aplicación de tecnoloxías emerxentes aos procesos de fabricación, que posibilitan o lanzamento de produtos cunha maior e mellor vida no mercado.

O novo centro tecnolóxico de ANFACO potenciará o seu papel como principal axente dinamizador da actividade investigadora a nivel empresarial, mellorando as súas capacidades para facer fronte aos novos retos. A través desta infraestrutura, a Xunta de Galicia impulsa a capacidade científico-tecnolóxica de ANFACO e confía en obter unha repercusión directa nos resultados económicos das empresas galegas da industria alimentaria.

Esta actuación enmárcase nas distintas liñas de apoio que está a promover o Goberno galego dentro da súa aposta pola innovación. Así, a Axencia Galega de Innovación puxo en marcha este ano os contratos programa, unha iniciativa que destina 2,3 millóns para os 5 centros tecnolóxicos recoñecidos en Galicia, entre os cales figura ANFACO, co obxectivo de promover a transferencia de resultados da investigación á empresa.

Así mesmo, neste contexto de apoio aos centros tecnolóxicos e de impulso á innovación en Vigo e na súa área de influencia, estanse a desenvolver outros dous convenios específicos: un para a construción do centro de vehículos intelixentes do CTAG, cun investimento de 10 millóns de euros, e outro para a o centro de aplicacións láser de AIMEN, cun investimento de máis de 4,2 millóns, cofinanciado tamén pola Xunta.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGA POR PRIMEIRA VEZ UN FINANCIAMENTO ESPECÍFICO PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA DE ALTO NIVEL

- ***O departamento educativo da Xunta de Galicia destinará no curso 2013/2014 un total de 3,6 millóns de euros para os centros de investigación singulares xa existentes nas universidades, co fin de fortalecer as capacidades estratéxicas de investigación fundamental***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia a través do cal recibirán un total de 3,6 millóns de euros para o financiamento dos centros de investigación singulares. É a primeira acción do novo Programa de centros de investigación singulares de Galicia a través do cal Xunta dota estes centros dun orzamento específico co fin de garantir o seu funcionamento, o que demostra, unha vez máis, o compromiso do Goberno galego coa I+D+i universitaria.

Os centros singulares de investigación son aqueles en que se integran as agrupacións estratéxicas, estruturas organizativas de investigación de dimensión superior ao grupo, cuxa creación se propiciou desde a Xunta de Galicia, ao redor dos grupos máis dinámicos do Sistema Universitario de Galicia. Neste momento as agrupacións estratéxicas intégranse nas tres universidades nos seguintes centros singulares de investigación:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	UNIVERSIDADE DE VIGO
CITIC: Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	CIQUS: Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares CITIUS: Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información CIMUS: Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas	ECIMAT: Agrupación Estratéxica Oceanografía Estación de Ciencias Mariñas de Toralla CIA: Campus Ourense. Centro de Investigacións Agroalimentarias CINBIO: Centro de Investigación en Biomedicina Xenética Química e Descubrimento de Fármacos AtlanTIC : Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions

Capacidade na I + D + i

As universidades son os axentes galegos que mellor compiten internacionalmente en programas de apoio á I+D+i respecto das empresas e centros tecnolóxicos, o que demostra a súa capacidade de xerar e difundir coñecemento. Conscientes do protagonismo central que se lles concede tanto desde a Comisión Europea na *Estratexia Europa 2020* como na *Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3)* cómpre potenciar un cambio de modelo na estruturación da investigación universitaria co fin de atender os desafíos que debe afrontar o Sistema galego de innovación nos novos programas operativos da Unión Europea.

O Programa de centros de investigación singulares de Galicia é un programa impulsado polo Goberno de Galicia para apoiar e visibilizar as actividades dos centros de investigación universitarios creados durante os últimos anos. Con este programa preténdese contribuír a construír un modelo de xestión da investigación de excelencia en Galicia co fin de incrementar o rendemento do investimento público e privado e dar visibilidade ao conxunto de centros do Sistema Universitario de Galicia para asegurar que a investigación que realizan alcance o maior impacto posible.

Trátase, polo tanto, de crear un marco máis eficiente para a realización dunha investigación máis competitiva e con proxección internacional, capaz de xerar avances científicos de vangarda nos sectores de alta tecnoloxía, claves para a creación de novos espazos económicos e de empresas innovadoras.

De feito, e de forma adicional a este convenio para o funcionamento dos centros, a Consellería destinará ata 2015 máis de 16,7 millóns de euros para os grupos de investigación, a través de catro convocatorias dirixidas aos grupos de referencia competitiva, redes e agrupacións estratéxicas, grupos de potencial crecemento e proxectos de investigadores emerxentes.

Financiamento dos centros

Ao abeiro do acordo para o financiamento dos centros, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, cubrirase parte dos gastos de funcionamento operativo dos centros de investigación (gastos correntes, contratos de persoal necesario para desenvolver a actividade investigadora ou de transferencia de tecnoloxía, material funxible) necesarios para desenvolver a súa actividade.

Esta achega enmárcase no obxectivo marcado polo Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) de estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, favorecendo o desenvolvemento dos centros que favorezan a investigación,

a innovación e a transferencia. En concreto apoiaranse - cunha contía de 450.000 euros para cada un – oito centros: o CITIC, da universidade da Coruña; o CIMUS, o CIQUS e o CITIUS, da Universidade de Santiago de Compostela; e o AtlanTIC, o ECIMATU, o CIA e o CINBIO, da Universidade de Vigo.

A XUNTA, A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA E A USC COLABORARÁN PARA MELLORAR O COÑECEMENTO DA MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS

- *Ambas as partes levarán a cabo o proxecto **Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial***
- *O obxectivo final é crear un observatorio que identifique a problemática do mercado da terra en Galicia, así como as súas solucións, para que permita redimensionar as explotacións a través do aumento da súa base territorial*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a Consellería do Medio Rural e do Mar para asinar un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de levar a cabo o proxecto **Propiedade, mobilidade da terra e valorización territorial**.

O obxectivo final deste proxecto é crear un observatorio que identifique a problemática do mercado da terra en Galicia, así como as súas posibles solucións, para que permita redimensionar as explotacións a través do aumento da súa base territorial. Neste sentido, o uso da terra agraria é imprescindible para a solvencia do agro galego, e débense tomar decisións que se encamiñen a mellorar o contorno económico, social e - sobre todo- legal que permita o aproveitamento deste recurso.

O proxecto -que se levará a cabo durante os anos 2013 e 2014- consiste na mellora do Sistema de terras de Galicia (SITEGAL) para facilitar o seguimento do comportamento de variables en canto á mobilidade de terras en Galicia. Deste xeito, integraríase toda esa información e funcionalidades na plataforma SITEGAL, de tal xeito que se converta nunha infraestrutura tecnolóxica de referencia sobre mercados e mobilidade de terras en Galicia cunha utilidade potencial estratéxica para o sector público e o privado.

A creación deste observatorio é pioneira en Galicia e no resto de España, e conta cun investimento total de 201.390 euros.

A NOVA LEI DO SOLO AXILIZA A TRAMITACIÓN URBANÍSTICA PARA QUE TODOS OS CONCELLOS DE GALICIA CONTEN CUN PLANEAMENTO DE CALIDADE NUN TEMPO RAZOABLE E POTENCIA O SOLO RÚSTICO COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO E DE CALIDADE DE VIDA

- *O Goberno galego agarda que esta proposta sexa o punto de partida para lograr, a través do consenso, un texto perdurable que evite as continuas modificacións de que foi obxecto a actual lei*
- *O contido do proxecto lexislativo, presentado hoxe no Consello da Xunta, pretende que todos os concellos galegos dispoñan dun planeamento de calidade nun prazo razoable: ningún concello sen plan xeral*
- *Incorpora medidas contra o feísmo e de adaptación á paisaxe: exige que o exterior de todas as edificacións estea rematado; obriga á conservación por motivos turísticos e culturais; e potencia a rehabilitación, rexeneración e renovación*
- *Faise un recoñecemento do aproveitamento sustentable do solo rústico como solo produtivo, fomentando os usos económicos pero mantendo a prohibición de usos industriais e residenciais non vinculados a explotacións agropecuarias e preservando os seus valores naturais e culturais*
- *Créase a categoría de solo rústico común, integrado polos terreos que contén con valores agrícolas, gandeiros ou forestais, posto que son os propios e consubstanciais ao solo rústico*
- *O rústico de especial protección será o determinado polas lexislacións sectoriais: costas, augas, infraestruturas, espazos naturais, patrimonio e paisaxe*
- *Créase a figura do planeamento básico para municipios cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, que non contén con ningún instrumento de planeamento xeral, e que eleven ante a Xunta de Galicia solicitude ao respecto*
- *Incorpora cambios para axilizar a tramitación do planeamento diminuindo os prazos de emisión dos informes sectoriais dos 18 meses actuais a 3 meses*
- *Crearase a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia para garantir a máxima transparencia e eficiencia na tramitación do planeamento*

O Consello da Xunta foi informado hoxe do contido da nova Lei do solo, que o Goberno galego concibe como unha proposta de mínimos e o marco urbanístico básico para os 314 concellos de Galicia, así como o punto de partida para lograr o consenso dos partidos, polo que será enviada en breve ao Parlamento para a súa análise e debate. A Xunta pretende que, ao final do proceso, a Comunidade Autónoma poida dotarse dun texto perdurable que evite as continuas modificacións de que foi obxecto a actual lei, un total de dez nos case once anos que leva vixente.

A normativa foi elaborada polos propios técnicos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. O texto pasa dos 237 artigos da Lei actual a 175, o que supón gañar en sobriedade eliminando do seu contido cuestións que poden ser desenvolvidas

en posteriores regulamentos, ou que xa o están en normativas sectoriais. Ademais, búscase evitar unha redacción recargada para favorecer a súa comprensión e evitar interpretacións diverxentes.

A Xunta de Galicia aposta, en definitiva, por unha nova Lei do solo máis áxil, clara, mellor estruturada e máis sinxela coa finalidade de convertela nun instrumento dirixido esencialmente a que os concellos poidan dotarse de plans xerais de calidade nun tempo razoable.

Nova Lei do solo 10 obxectivos	1. Consenso	6. Acabar co feísmo
	2. Claridade	7. Aplicación
	3. Estabilidade	8. Axilidade e eficacia
	4. Seguridade xurídica	9. Simplificación
	5. Corresponsabilidade	administrativa
	Incremento autonomía local	10. Transparencia

A nova lei non implica un abandono completo do modelo urbanístico nin dos elementos xurídicos implantados nas lexislacións galegas precedentes, senón que persegue unha evolución acorde cos cambios na propia da sociedade galega e as necesidades detectadas nestes anos tendo en conta a experiencia acumulada.

Así, a clasificación do solo contida na Lei 9/2002 (urbano, núcleo rural, urbanizable e rústico) considérase adecuada ao modelo territorial galego e, polo tanto, mantense, aínda que con matices, especialmente no caso do solo rústico.

Os cambios fanse mantendo o modelo urbanístico precedente**LOUG**

- **SOLO URBANO**
 - Consolidado
 - Non consolidado
- **SOLO DE NÚCLEO RURAL**
 - Histórico tradicional
 - Común
 - Complexo
- **SOLO URBANIZABLE**
 - Delimitado
 - Non delimitado
- **SOLO RÚSTICO**
 - Protección ordinaria
 - Especial protección
 - Agropecuario
 - Forestal
 - Augas
 - Costas
 - Infraestruturas
 - Espazos naturais
 - Paisaxe
 - Patrimonio

**NOVA LEI DO SOLO**

- **SOLO URBANO**
 - Consolidado
 - Non consolidado
- **SOLO DE NÚCLEO RURAL**
 - Histórico tradicional
 - Común
- **SOLO URBANIZABLE**
 - Delimitado
- **SOLO RÚSTICO**
 - Común
 - Especial protección
 - Augas
 - Costas
 - Infraestruturas
 - Espazos naturais
 - Paisaxe
 - Patrimonio

Solo rústico

A nova lei busca potenciar o medio rural como territorio xerador de riqueza e atractivo para vivir, e incorpora achegas na loita contra o feísmo e de adaptación á paisaxe: exige que o exterior de todas as edificacións estea rematado, obriga a conservar as edificacións e potencia a rehabilitación, rexeneración e renovación, sen contradición coa preservación dos valores naturais e culturais subsistentes.

A proposta legislativa fai un recoñecemento e unha aposta decidida polo solo rústico como solo produtivo, nomeadamente acolledor de usos turísticos potenciadores do medio, fomentando os usos económicos e mantendo a prohibición de usos industriais e residenciais non vinculados a explotacións agropecuarias.

O mantemento da prohibición de novas edificacións residenciais en solo rústico xunto co pulo da rehabilitación de construcións tradicionais acadan unha dobre finalidade: evitar o aumento da dispersión edificatoria, que ten como consecuencia o feísmo e a dotación ineficiente de servizos e, por outro lado, permite recuperar e poñer en valor a gran riqueza de patrimonio construído no rural, que doutro xeito se perdería para sempre, e con el unha parte importante da nosa identidade e da nosa esencia como país.

A nova lei establece regradamente as clases e categorías de solo rústico. O solo rústico común está integrado polos terreos que contan con valores agrícolas, gandeiros ou forestais, e na lexislación actual son categorizados como solos rústicos de protección agropecuaria ou forestal. O novo modelo proposto considera que os valores nesas

clases de solo son os propios e consubstanciais ao solo rústico, polo que non teñen que ser obxecto dunha protección específica.

En canto ao solo rústico de especial protección, será o determinado polas lexislacións sectoriais: costas, augas, infraestruturas, espazos naturais, patrimonio e paisaxe.

O réxime de usos será o mesmo nas dúas clases de solo rústico, mais no solo rústico de especial protección será preciso atender ás limitacións que impoñan as lexislacións sectoriais aplicables, que son as encargadas de tutelar os valores obxecto de protección. Segundo a Xunta, deste xeito racionalízanse e clarifícanse as limitacións que se lle impoñen ao cidadán, achegando unha maior seguridade xurídica e evitando discrecionalidades.

Corresponsabilidade

O texto presentado hoxe no Consello tamén busca dotar os concellos de maior competencia no eido urbanístico, fomentando o incremento da autonomía local e da autorresponsabilidade, especialmente no ámbito do outorgamento dos títulos habilitantes en solo rústico, como por exemplo as construcións vinculadas ás actividades agrícolas, gandeiras, forestais, extractivas e recreativas e as construcións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como cemiterios ou depuradoras.

Con esta medida preténdese reducir as cargas administrativas ao cidadán e axilizar os trámites, derivando ao título de habilitante municipal a maior parte dos usos no solo rústico. A autorización autonómica mantense unicamente para os usos en que se considera que a súa implantación debe ser obxecto dunha maior tutela por parte da Xunta, como as construcións destinadas a usos residenciais vinculados a explotación agrícola ou gandeira, e as construcións para a primeira transformación de produtos do sector primario.

Exixírase un plan especial de infraestruturas e dotacións só para os usos que poidan ter un impacto máis severo, como as construcións destinadas a usos turísticos ou os equipamentos e dotacións públicos ou privados.

Planeamento básico

A proposta lexislativa mantén o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) como único instrumento de planeamento do que deben dotarse os municipios. Sen embargo, crea a figura do planeamento básico para aqueles municipios cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, que non contan con ningún instrumento de planeamento xeral, e que eleven ante a Xunta de Galicia, competente para a súa tramitación e aprobación, solicitude ao respecto.

Con esta medida, a Xunta achegará unha solución para a ordenación municipal dos 110 concellos con menos de 5.000 habitantes sen PXOM (que se rexen por normas municipais ou provinciais) que hai hoxe en día en Galicia, para que todos estes municipios, que supoñen o 40% da superficie galega, conten co seu territorio ordenado.

O plan básico establecerá unha ordenación subsidiaria que recoñecerá os ámbitos que reúnan as condicións obxectivas para a súa clasificación como solo urbano e solo de núcleo rural, e recollerá as afeccións sectoriais concorrentes clasificándoas como solo rústico da especial protección correlativa. O resto do ámbito do termo municipal clasificarase como solo rústico común.

Con esta medida dótanse estes concellos dun instrumento básico que lles permita ofrecer unha capacidade de acollida residencial e económica que dea resposta ao desenvolvemento elemental dunha certa actividade urbanística, e que estará vixente ata que xurdan iniciativas ou razóns determinantes dunha maior complexidade urbanística que aconsellen a formulación dun plan xeral de ordenación municipal elaborado polo respectivo municipio.


Tramitación máis áxil e transparente do PXOM

Outra importante novidade da nova Lei do solo redactada pola Xunta é que incorpora cambios tendentes a axilizar a tramitación do planeamento diminuíndo os tempos sen minguar a transparencia nin a pertinente participación pública.

En concreto, actuarase sobre os dous focos principais da dilación e ruptura do ritmo na tramitación do planeamento, como son os informes sectoriais e a tramitación ambiental.

A proposta lexislativa persegue sistematizar a obtención dos informes sectoriais autonómicos preceptivos, que se poderán solicitar a través da secretaría xeral competente en materia de urbanismo cando o concello o solicite.

Na actualidade, a normativa reguladora establece diferentes momentos para a solicitude e prazos de emisión, cuxo trámite se alonga ata 18 meses. Agora se unifica a dita solicitude, que se deberá presentar despois da aprobación inicial, durante o período de información pública, e resolver no prazo de tres meses; será o efecto do silencio positivo.



Crearase a Plataforma urbanística dixital de Galicia, para facilitar o acceso ao cidadán e garantir a máxima transparencia e eficiencia na tramitación do planeamento, procurando o acceso pleno, en tempo real, ao contido completo dos plans, nas súas distintas fases de elaboración e tramitación.